

			Avda. Fernández Ladreda 43 - 8º 36003 PONTEVEDRA Tel.: 986 805955 Fax: 986 805937 dp.pontevedra@xunta.es
	Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria Servizo de Recursos Educativos Complementarios Bolsas de estudo.		

INSTRUCCIÓN PARA AS SOLICITUDES DE AXUDAS PARA ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO (BOE 12 de xullo de 2014, www.educacion.es)

DOCUMENTACIÓN

TODAS as solicitudes de axudas para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

1. No caso de ter recoñecida a minusvalía ou discapacidade: Fotocopia do certificado de discapacidade ou minusvalía do alumno.

No caso de **non** ter recoñecida a minusvalía: **Certificado** do departamento de orientación do centro educativo que indique que o alumno presenta necesidade de apoio educativo.

Este **certificado** (non informe) debe ser breve e conciso, pois é o que substitúe ao certificado oficial de minusvalía ou discapacidade.

2. Fotocopias dos DNI dos membros da unidade familiar que teñan feitos os 14 anos.
3. Documento bancario dos datos da conta onde desexa recibir a axuda e na que o alumno debe estar incluído.
4. Fotocopia do carné de familia numerosa, de ser o caso.
5. Fotocopia do certificado de minusvalía ou discapacidade dos irmáns do solicitante se os houbese.

As solicitudes de axudas para o programa específico de altas capacidades **non precisarán** a documentación do punto 1.

DATOS A CUBRIR NO IMPRESO DA SOLICITUDE POLO CENTRO EDUCATIVO

Solicitamos que presten moita atención aos datos que **deben cubrir no centro educativo** especialmente nos seguintes apartados:

- Páxinas 3 e 4 do impreso manual que se corresponden coas 4, 5 e 6 do impreso da páxina web, en tódolos casos deberá encherse do seguinte xeito:
 - *Apartado A – poñer todos os datos, sinatura e o cuño do centro.*
 - *Apartado B – encher todos os datos tendo en conta que as axudas concederanse en función das **crucés** que se marquen.*
 - *Apartado C – deberá cubri-lo a inspección de zona. Polo que o centro deberá envialo ao inspector que corresponda.*
 - *Apartado D – o alumno aportará o impreso con este apartado cuberto polo gabinete.*
- Páxina 1 no impreso manual ou no caso de facer a solicitude por internet son os datos da páxina 7:
 - Apartados D e F (curso no que está escolarizado e axudas que se solicitan)

As solicitudes de axudas para o programa específico de altas capacidades **non precisarán** a conformidade do inspector do apartado C.

			Avda. Fernández Ladreda 43 - 8º 36003 PONTEVEDRA Tel.: 986 805955 Fax: 986 805937 dp.pontevedra@xunta.es
	Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria Servizo de Recursos Educativos Complementarios Bolsas de estudo.		

Lembrámoslles que para o trámite nesta sección de Bolsas de Estudo NON SE PRECISAN INFORMES MÉDICOS, NIN FOTOCOPIAS DO LIBRO DE FAMILIA, NIN DA DECLARACIÓN DA RENDA. No suposto de precisar calquera outra documentación solicitarémoslla no seu momento.

As familias teñen de prazo para presentar as solicitudes no centro educativo até o día **30 de setembro**.

OLLO! Recordade ás familias que se cobren a solicitude en papel non van a recibir ningunha comunicación, terán que estar eles pendentes do estado da súa solicitude chamando a esta xefatura territorial. Por iso recomendamos que aínda que se presente en papel se cubra telematicamente e logo se imprima para presentar, porque deste xeito si poden recibir información no correo electrónico que poñen na solicitude.